



María Angeles Iglesias

Actriz

Actriz. Creadora escénica, materializadora de sueños.

“Poño corpo a iso que necesita ser visto, dito, berrado e escoitado. Súmome gustosa ás creacións doutras artistas e compañías, á vez que xero os meus propios proxectos escénicos, escribo, bailo e canto.

A actuación e o movemento son para min, parte dun todo, por tanto estes son dous piares básicos da miña formación e unha característica fundamental das miñas propias creacións. Gozo do desafío de dar vida a personaxes diversas e teño a sorte inmensa de que isto se vexa plasmado nos meus traballos. “

TRABALLOS:

Continúa coa xira de **"Comando Comadres"** de **Matrioshka Teatro** xunto a Anabell Gago e Chelo Dorejo (estrea novembro 2021, dirixida por Gena Baamonde).

En marzo do 2023 rematou as presentacións de **"Crónica dunha heterosexual insatisfeita"** creación propia coproducida por **Verdeveras Expresións Artísticas** e o **Centro Dramático Galego** (estrea xullo 2020). En agosto do 2021, Urutau Editora publicou o texto da obra en edición bilingüe galego - castelán.

Entre outubro de 2018 e novembro de 2021 protagoniza xunto a **María Barcala "Dúas donas que bailan"** de Josep M^a Benet i Jornet, para **Teatro do Atlántico**, (dirección de Xúlio Lago). Ese mesmo ano, asiste na dirección a Gena Baamonde en "Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos" de Matrioshka Teatro.

Verdeveras Expresións Artísticas, permítelle desenvolver a súa faceta de creadora e dramaturga. Así levou ao escenario a xa mencionada **"Crónica dunha heterosexual insatisfeita"** (2020/2023); **"Un lugar chamado mundo"** (musical infantil - 2015); **"Desalmad@s"** (dirixida por Carlos Neira) e **"Tacóns Na Corda"** (2011). Todas, de xira por Galicia durante varios anos.

No 2015 realizou, xunto a Gabriela González López a **performance "Danzas do día a día"** na exposición "Esculturas do día a día" de **Soledad Penalta** (Galería Bus Station Space- Compostela) e participou no programa "Amor na Rede" (Adiviña Producións-cap.10).

No 2013 formou parte da mostra "Catro monólogos e unha foto de familia" coa peza "A soas con Marilyn", e desenvolveu xunto á actriz **Lina Perez** o proxecto **"Reconvertindo Espazos"**, que propón teatro en espazos non convencionais para repensar algunhas cuestións de xénero (2013/14).

Durante o 2011 tamén protagonizou xunto a Anxo Tirado a obra para nenos **"Bom e Villa"** escrita por María Inés Cuadrado, con música orixinal de Nani García (**Compañía Teatrovador de A Coruña**).

Desde outubro do 2009 imparte clases regulares de Tango-danza e realiza obradoiros independentes orientados a distintos colectivos.

FORMACIÓN:

Naceu en Buenos Aires, Arxentina, onde se formou como actriz, nun principio no teatro amador (Escola de Teatro do Centro Galicia de Buenos Aires- **Prof. Fernando Naval**) e logo no teatro profesional, fundamentalmente na **Escola de Teatro de Augusto Fernandes** (e alí con Fernando Piernas e Susana Pampín, 1998-2001 inclusive), e como **Pedagoga Teatral no IUNA** (Instituto Universitario Nacional de Artes 2001-2005). Aínda que esta carreira quedou inconclusa, cursou con moi boas cualificacións materias tales como: actuación, educación vocal, adestramento corporal, xogos teatrais, metodoloxía da actuación, metodoloxía da práctica escénica, maquillaxe e caracterización, entre outras.

Continuou a súa formación tomando cursos de actuación con mestres de distintas escolas como **Elsa Berenguer, Ricardo Bartis (2006), Carlos Ianni (2007-Celcit), Clodet (Teatro e ritualidad, Celcit 2009) e Óscar Pachecho (Teatro de imágen)**, entre outros.

Alí tamén estudou distintas **danza (TANGO, Expresión corporal -Prof. Susana Goñi-, Bailes tradicionais de España e Galicia - Prof. Luisa Pericet-, e danza contemporánea) e canto**, á vez que traballou como profesora de Teatro no **Colexio Galego Santiago Apóstolo** (2001-2009) e en diversos institutos.

É Profesora de Historia (Instituto Nacional Superior del Profesorado - Arxentina).

Desde xullo de 2009 vive en Santiago de Compostela.

CURSOS: (Ademais dos estudos troncais en teatro xa mencionados)

GALEGO: Celga 4

VOZ: Adestramento vocal e asistencia na preparación de personaxes con Ramón Bermejo e María Costas

UNIVERSOS PARA PASEANTES: (MOVEMENTO) Curso de 12 horas con **Rut Balbís** (bailarina e coreógrafa) de 12 horas de duración, organizado pola AAAG no Salón Teatro – CDG, do 12 ao 14 de xuño 2023.

TRABALLO SOBRE ESCENAS DE TEXTO: Curso de 48 horas con **Claudio Tolcachir, en Timbre 4 Madrid**, do 9 de xaneiro ao 27 de marzo do 2023, todos os luns de 14 a 18hs.

ACTUAR PARA LA CÁMARA: Co director Ignacio Vilar, 30 horas de duración . Fundación Aisge-Netflix do 2 ao 6 de maio 2022

LABORATORIO ESCÉNICO: Con **Juan Carrillo** (Los Colochos, México), 25 horas de duración, organizado pola AAAG. Do 19 ao 23 de abril 2022.

DANZA CONTEMPORÁNEA: con **Juan Carlos Zahera** nas aulas da USC (2019) y con **Elsa Pereira** (curso 2022 A Unitaria.

O CORPO COMO FORMA DE EXPRESIÓN: Taller de danza e movemento impartido por **Mikel Arsítegui**, do 17 ao 21 de xuño 2019. 20 hs de duración. Centro Dramático Galego - Xunta de Galicia.

CORPO E VIBRACIÓN: Taller de movemento impartido por **Javier Martín**, no Salón Teatro de Compostela o 4 de outubro, 2017; organizado polo Centro Dramático Galego.

A EMOCIÓN NO CORPO: Taller de **Técnica Michael Chejov**, impartido por **David Luque** do 17 ao 21 de xullo de 2017, de 10 a 15hs, no Salón Teatro de Compostela organizado polo Centro Dramático Galego.

INTRODUCCION Á DANZA CONTACT: Seminario Intensivo a cargo do bailarín e coreógrafo **Amaury Lebrun** no **Centro Coreográfico Galego**, do 7 ao 11 de setembro de 2015, 15 horas de duración.

TEATRO FISICO: Seminario intensivo a cargo de **Laia Oliveras**, organizado pola Panadaría (compañía galega de teatro) durante o 29 e 30 de agosto 2015. (12 hs.)

DRAMATURXIA: Seminario de investigación en dramaturxia a cargo de **Marco Antonio de La Parra (Chile)** durante a súa estancia en Buenos Aires. Do 15 ao 19 de setembro do 2014, de luns a venres. Total 18 hs. **CELCIT**

(Centro Latinoamericano de Creación e Investigación Teatral)

ADESTRAMENTO CORPORAL PARA ACTORES: 2010-2011 En Espazo Aberto, Santiago de Compostela. A cargo de **Carlos Neira**, director da escola

EXPRESIÓN CORPORAL: - 2004 e 2005: - Clases de expresión corporal a cargo da señora **Susana Goñi**, profesora Nacional de Expresión Corporal, creadora da carreira de Expresión Corporal no I.U.N.A. e bailarina.

TEATRO EN COMPOSTELA: 1996 participa do Primeiro curso de Especialización en Teatro, realizado en Santiago de Compostela entre el 1 y el 7 de abril; organizado pola Xunta de Galicia - Secretaria Xeral para as relacións coas comunidades Galegas, e a Concellería de Cultura (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais). Repite experiencia en Buenos Aires, 1998 "Formación en Técnicas teatrais" tamén organizado pola Xunta de Galicia.